

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES DE FOZ
CURSO: 2021-2022
MATERIA: Francés
DEPARTAMENTO: Francés
DATA: 12/05/22

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 1º avaliación: A cualificación da avaliación resulta da media ponderada de diferentes aspectos: Probas escritas (40 %), probas ou tarefas de comprensión e expresión oral (20%), probas ou tarefas de comprensión e expresión escrita (20 %) e actitude e traballo persoal (20%).</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación: A avaliación é continua, polo tanto, pódese recuperar se a nota é igual ou superior a 5 na segunda avaliación.</p>
2º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 2º avaliación: A cualificación da avaliación resulta da media ponderada de diferentes aspectos: Probas escritas (40 %), probas ou tarefas de comprensión e expresión oral (20%), probas ou tarefas de comprensión e expresión escrita (20 %) e actitude e traballo persoal (20%).</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 2º avaliación: A avaliación é continua, polo tanto, pódese recuperar se a nota é igual ou superior a 5 na terceira avaliación.</p>
3º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 3º avaliación: A cualificación da avaliación resulta da media ponderada de diferentes aspectos: Probas escritas (40 %), probas ou tarefas de comprensión e expresión oral (20%), probas ou tarefas de comprensión e expresión escrita (20 %) e actitude e traballo persoal (20%).</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 3º avaliación: Cando unha alumna ou alumno non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba final (escrita / oral) de toda a materia impartida.</p>
Cualificación final	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: A cualificación redondearase, de xeito que o decimal se asimile ao enteiro superior se o seu valor é 0.6 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Non se farán recuperacións agás se o alumno non acada un 5 de mínimo na 3º avaliación. Tendo en conta que é recuperación, a nota máxima que levará no boletín será un 5.</p> <p>Cálculo da cualificación final. A cualificación final será a media das tres avaliacións. Se se dera o caso de que ese cálculo perxudicase ó alumno e, durante o curso, non tivo ningunha actitude negativa cara a materia, profesora ou compañeiros, poderíase deixar a última media acadada do 3º trimestre. A cualificación final corresponderase coa da última avaliación tendo en conta que a recuperación dos estándares pendentes se fará de xeito continuado ao longo do curso seguindo as pautas porcentuais para cada estándar. Os alumnos</p>
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022	PÁXINA 2 DE 7

	<p>poderán, en calquera momento, ser recuperados empregando para elo, se o profesor o xulga necesario, instrumentos non usados con anterioridade para avaliar eses estándares. Deste xeito a avaliación será efectivamente continua. Cando unha alumna ou alumno non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba final (escrita / oral) de toda a materia impartida.</p> <p>Sistema de redondeo dunha nota final (de avaliación parcial, ordinaria, de recuperación e de pendentés): Unha vez que se teña unha nota final, en tódolos casos redondearase da seguinte maneira: nota menor ou igual que x,5 redondearase a x; nota maior que x,5 redondease a x +1. No caso de que un alumno non poida asistir a un exame por un motivo xustifico, o profesor poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.</p> <p>No caso de se comprobar mecanismos para superar as probas a través da copia, da utilización de dispositivos móbiles e outros, retiráraselle o exercicio que se cualificará cun cero nesa proba, co que iso implica para a avaliación da materia.</p>
<p>Proba extraordinaria para BAC</p>	<p>Consistente en: No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria, na que deberá examinarse da materia programada na súa totalidade e obter unha nota igual ou superior a 5.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: A nota final resulta da media das cualificacións obtidas nas probas escritas realizadas ó longo do curso. O alumnado que non consiga superar as probas escritas (nota inferior a 5 / 10) poderá presentarse a unha proba escrita final, no mes de maio. A esta proba escrita final do mes de maio tamén se poderá presentar o alumnado que non fixo as probas por partes por non ter entregados os exercicios propostos.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Procurarase un seguimento o máis detallado e individualizado posible de cada alumno/a. Haberá dúas posibilidades:</p> <p>a.- Recuperación continuada ao longo do curso: O seguimento do alumnado que teña a materia de francés dun curso ou cursos anteriores avaliadas negativamente será responsabilidade da xefa de departamento. En todo caso estableceranse as seguintes medidas de atención:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A materia pendente dividirase en tres partes, unha para cada avaliación. Para cada unha destas partes, o alumnado deberá realizar os boletíns de exercicios de recuperación que a profesora lle propoña, e entregalos no prazo establecido. Para a súa elaboración, o alumnado contará coa axuda da profesora que resolverá calquera dúbida e devolverá os boletíns de exercicios corrixidos antes da proba de avaliación correspondente. 2. O alumnado que entregue dentro do prazo previsto os exercicios deberá realizar, por cada unha das partes da materia, unha proba escrita composta de exercicios iguais ou semellantes ás dos boletíns que resolveron. Estas probas serán propostas e corrixidas pola xefa de departamento e a súa finalidade será comprobar se o alumnado acadou os obxectivos mínimos da materia pendente,

	<p>correspondentes á parte que repasou nos boletíns. Quen non entregue os exercicios propostos, ou os entregue fóra de prazo sen xustificación algunha, non se poderá presentar á proba trimestral.</p> <p>No caso de seguir a cursar Francés, teranse en conta as súas cualificacións, de xeito que un alumno que, por exemplo cursa segundo da ESO, aprrobe automaticamente primeiro se aproba segundo.</p> <p>b.- Exame final en maio realizado polo Departamento de Francés.</p> <p>O alumnado que non consiga superar as probas escritas (nota inferior a 5 / 10) ao longo do curso poderá presentarse a unha proba escrita final, no mes de maio. A esta proba escrita final do mes de maio tamén se poderá presentar o alumnado que non fixo as probas por partes por non ter entregados os exercicios propostos. A proba escrita considerarase superada cunha nota igual ou superior a 5 / 10.</p>
--	---

<p align="center">2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</p>	
<p align="center">Metodoloxía</p>	<p>A aprendizaxe dunha lingua supón adquirir os hábitos que conducen ós obxectivos propostos, partindo sempre da competencia inicial do alumnado e a súa diversidade. Trátase de aumentar os coñecementos para ler, falar, entender e escribir nos diferentes niveis da lingua. Estas habilidades hai que adquirilas gradualmente incrementando o nivel de dificultade ao longo de todo o proceso educativo, e a través de métodos activos e combinando o traballo individual e cooperativo. O alumnado debe chegar a comprender a lingua común e poder facer fronte a unha serie de situacións da vida real (pedir unha información, un billete de tren, unha comida nun restaurante, etc.), usando, polo tanto, un enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas. Tamén hai que intentar que o alumnado fale coa pronunciación, o ritmo e a entoación adecuados. De igual maneira debe expresarse por oral e por escrito, dunha maneira comprensible, empregando estruturas francesas e sen traducir mentalmente. Por suposto a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe ir acompañada de nocións de cultura e civilización do país e das xentes que falan esa lingua, reforzando así a personalidade e a formación do alumnado. Hai que asentar os coñecementos adquiridos anteriormente ó tempo que se adquiren novos elementos..</p> <p>Durante este período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación</p>

	<p>final da ESO realizaranse tarefas semellantes ás do curso que sirvan para repasar ou ampliar os contidos e atendan ás diferentes destrezas de comunicación para a adquisición de segundas linguas.</p>
Actividades tipo	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de comprensión escrita: exercicios de verdadeiro e falso, de escolla, xogos, etc. - Actividades de comprensión oral: exercicios de verdadeiro e falso, exercicios de completar ca información que falta, etc. - Actividades de expresión escrita: redaccións sobre diversos temas... - Actividades de comprensión oral: exercicios de V/F, de escolla, de ordenar, de redactar... - Tarefas para repasar a gramática: fichas, cuestionarios, kahoot...
Materiais e recursos	<p>Os alumnos poderán empregar os diferentes recursos dispostos en E-dixgal para repasar (vídeos, explicacións, presentacións, cuestionarios...). Na hora de clase tamén se poderán utilizar diferentes recursos (fotocopias, materiais audiovisuais, presentacións, xogos, aplicacións, a plataforma E-dixgal ...).</p>
<p>2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</p>	
Metodoloxía	<p>A aprendizaxe dunha lingua supón adquirir os hábitos que conducen ós obxectivos propostos, partindo sempre da competencia inicial do alumnado e a súa diversidade. Trátase de aumentar os coñecementos para ler, falar, entender e escribir nos diferentes niveis da lingua. Estas habilidades hai que adquirilas gradualmente incrementando o nivel de dificultade ao longo de todo o proceso educativo, e a través de métodos activos e combinando o traballo individual e cooperativo. O alumnado debe chegar a comprender a lingua común e poder facer fronte a unha serie de situacións da vida real (pedir unha información, un billete de tren, unha comida nun restaurante, etc.), usando, polo tanto, un enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas. Tamén hai que intentar que o alumnado fale coa pronunciación, o ritmo e a entoación adecuados. De igual maneira debe expresarse por oral e por escrito, dunha maneira comprensible, empregando estruturas francesas e sen traducir mentalmente. Por suposto a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe ir acompañada de nocións de cultura e civilización do país e das xentes que falan esa lingua, reforzando así a personalidade e a formación do alumnado. Hai que asentar os coñecementos adquiridos anteriormente ó tempo que se adquiren novos elementos..</p> <p>Durante este período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final da ESO realizaranse tarefas semellantes ás do curso que sirvan para repasar ou ampliar os contidos e atendan ás diferentes destrezas de comunicación para a adquisición de segundas linguas.</p>
Actividades tipo	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de comprensión escrita: exercicios de verdadeiro e falso, de escolla, etc. - Actividades de comprensión oral: exercicios de verdadeiro e falso,

	<p>exercicios de completar ca información que falta, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de expresión escrita: redaccións sobre diversos temas... - Actividades de comprensión oral: exercicios de V/F, de escolla, de ordenar, de redactar... - Tarefas para repasar a gramática: fichas, cuestionarios, kahoot...
Materiais e recursos	Os alumnos poderán empregar os diferentes recursos dispostos en E-dixgal para repasar (vídeos, explicacións, presentacións, cuestionarios...). Na hora de clase tamén se poderán utilizar diferentes recursos (fotocopias, materiais audiovisuais, presentacións, xogos, aplicacións, a plataforma E-dixgal ...).
2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)	
Metodoloxía	<p>A aprendizaxe dunha lingua supón adquirir os hábitos que conducen ós obxectivos propostos, partindo sempre da competencia inicial do alumnado e a súa diversidade. Trátase de aumentar os coñecementos para ler, falar, entender e escribir nos diferentes niveis da lingua. Estas habilidades hai que adquirilas gradualmente incrementando o nivel de dificultade ao longo de todo o proceso educativo, e a través de métodos activos e combinando o traballo individual e cooperativo. O alumnado debe chegar a comprender a lingua común e poder facer fronte a unha serie de situacións da vida real (pedir unha información, un billete de tren, unha comida nun restaurante, etc.), usando, polo tanto, un enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas. Tamén hai que intentar que o alumnado fale coa pronunciación, o ritmo e a entoación adecuados. De igual maneira debe expresarse por oral e por escrito, dunha maneira comprensible, empregando estruturas francesas e sen traducir mentalmente. Por suposto a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe ir acompañada de nocións de cultura e civilización do país e das xentes que falan esa lingua, reforzando así a personalidade e a formación do alumnado. Hai que asentar os coñecementos adquiridos anteriormente ó tempo que se adquiren novos elementos..</p> <p>Durante este período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final da ESO realizaranse tarefas semellantes ás do curso que sirvan para repasar ou ampliar os contidos e atendan ás diferentes destrezas de comunicación para a adquisición de segundas linguas.</p>
Actividades tipo	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de comprensión escrita: exercicios de verdadeiro e falso, de escolla, etc. - Actividades de comprensión oral: exercicios de verdadeiro e falso, exercicios de completar ca información que falta, etc. - Actividades de expresión escrita: realización de resumos, redaccións sobre diversos temas... - Actividades de comprensión oral: exercicios de V/F, de escolla, de ordenar, de redactar... - Tarefas para repasar a gramática: fichas, cuestionarios, kahoot...
Materiais e recursos	Os alumnos poderán empregar os diferentes recursos dispostos na aula virtual para repasar (vídeos, explicacións, presentacións, cuestionarios...). Na

	hora de clase tamén se poderán utilizar diferentes recursos (fotocopias, materiais audiovisuais, presentacións, xogos, aplicacións...).
--	---